

PREGUNTAS SEN RESPOSTA SOBRE AS CAIXAS DE AFORRO

Velaquí unhas cuestións sobre a bancarización das caixas, preguntas ao vento porque aqueles a quen lles corresponde respostalas non o van facer. Por que chegaron as caixas a esta situación? É acaso un problema da súa natureza social? Como é posible que as ‘ineficientes’ caixas lle comeran terreo ao ‘sempre-eficiente’ sector bancario, ata o punto de representar o 55% do mercado financeiro español? Por que o BdE leva anos desnaturalizando un modelo de entidades financeiras de carácter social que funcionaba correctamente, fomentando a competencia en todo o territorio do Estado? Acaso non se percata agora de que os riscos inmobiliarios que teñen preso a NCG están no Levante ou Canarias, non en Galicia?

Quen consentiu ás caixas meterse ata as orellas na burbulla inmobiliaria? Quen é o Gobernador do Banco de España desde hai 5 anos?, Quen é por tanto, o máximo responsable dos erros de supervisión do BdE? Por que se consinte que o principal responsable da situación na que se atopan hoxe as caixas sexa quen decida o seu destino definitivo? Cara que modelo está a conducir o BdE o sistema bancario español? En EE UU hai censadas case 8.000 entidades e Bernanke advirte dos riscos da excesiva concentración do capital financeiro, e a solución á crise para o BdE pasa por concentrar os aforros dos españois en, cantas, 10 entidades?

Por que levamos 2 anos a voltas con este tema? Tratábase de lanzar globos-sonda para ver ata onde o proceso de bancarización era aceptado socialmente? Seica non era o FROB a solución? Mentían, logo? Por que senón aceptar unha fusión en decembro de 2010, para cambiar as regras de xogo só dous meses despois? Por qué falan agora de ‘nacionalización’? Alguén cre realmente que as entidades durarán nacionalizadas un día máis do que se poidan poñer á venda? E por que esta última xogada de deixar aberto a porcentaxe de core capital exixido (8%, agora 9% ou 10%) e non anunciar abertamente que será exixido o ratio que faga falta para bancarizalas, especialmente aquelas sobre as que manteña competencias unha CCAA? Porque o BdE coñece o Artigo 30 do Estatuto de Autonomía de Galicia, non si?: *“Correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149 da Constitución, a competencia exclusiva das seguintes materias: 5. Institucións de crédito corporativo, público e territorial, e Caixas de Aforro”*.

Quen se vai facer cargo da labor social das caixas? Importalle ao Goberno? E ao BdE? Qué acontecerá coa Banca cívica e outros modelos de entidades financeiras sen ánimo de lucro? Permitiranse só mentres non representen un problema, isto é, mentras non se coman a metade do pastel, como fixeron as caixas de aforro? Xa o apuntaba Martínez Serrano no artigo *‘Las cajas de ahorro: un codiciado botín’* publicado hai once anos en El País: *“El FMI ha sugerido privatizar las cajas de ahorro. Resultaría gracioso que unas instituciones nacidas para huir de los usureros del siglo XIX acabase en las manos de los ambiciosos banqueros privados del siglo XXI”*. Vai permitir a sociedade galega o maior expolio de recursos e o maior asalto ás competencias da nosa Autonomía en 30 anos de democracia? E non me veñan có conto de que o capital non ten patria nen bandeira, cando lemos a diario as ovacións da prensa española cando as empresas do Ibex saen de compras fóra, mentras se evita que unha empresa alemana (EoN) merque outra española (Endesa), aínda que nese caso o PP prefirise esa opción a que marchase a Catalunya (Gas Natural).